



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Convocatoria de axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022*

#### ANUNCIO

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Porto do Son celebrada o día 27 de xaneiro de 2022, apróbase a convocatoria das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022, e ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícanse as bases da convocatoria co seguinte texto, que tamén estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Porto do Son:

#### “CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL E A COBERTURA DE SITUACIÓNS DE NECESIDADE SOCIAL (AISENS) PARA O ANO 2022

#### OBXECTO

Esta proposta ten por obxecto a convocatoria por parte do Concello de Porto do Son das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social (AISENS) para o ano 2022. A natureza destas axudas é de subvencións de carácter directo, e como tales condicionadas ás dispoñibilidades económicas existentes no correspondente exercicio orzamentario. Así, o procedemento de concesión en concorrencia non competitiva (tendo en conta o obxecto e a finalidade destas subvencións, non é necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas), e tramitaranse por orde de rexistro de entrada, polo que segundo o establecido no artigo 19.2 da LSG, exceptúase do requisito de fixar unha orde de prelación ás solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

#### APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Aplicación orzamentaria	Importe
231.48000	3.000,00 €
231.78000	5.000,00 €
Total	8.000,00 €

A distribución dos créditos imputados a cada aplicación orzamentaria ten un carácter estimativo, polo que, de ser preciso modificar o reparto do crédito orzamentario total pode levarse a cabo sen necesidade dunha nova convocatoria. Antes da resolución de concesión deberá aprobarse polo alcalde a nova distribución, despois de realizar as modificacións orzamentarias necesarias, e deberá publicarse no taboleiro de anuncios.

Poderá incrementarse o importe máximo da convocatoria ata 2.000 € por algún dos seguintes motivos:

- A aprobación dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- A existencia de remanentes noutras convocatorias financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias do mesmo nivel de vinculación xurídica. A utilización do importe adicional queda condicionada á aprobación polo alcalde do incremento do importe da convocatoria, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello.

#### CONCEPTOS

As axudas para a inclusión social e a cobertura de situación de necesidade social poderán referirse aos seguintes conceptos:

- Alimentación básica e a hixiene persoal e doméstica.
- Vestiario básico
- Atención dos gastos derivados da vivenda habitual.
- Gastos de aloxamento nun lugar alternativo e temporal.

- Gastos farmacéuticos e de saúde.
- Gastos de desprazamento.
- Axudas escolares.
- Outras axudas: axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade que non poidan ser atendidas por ningún dos conceptos contemplados nos epígrafes anteriores, previa valoración do/a traballador/a social do departamento de servizos sociais.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Estará aberto durante todo o ano, unha vez efectuada a convocatoria correspondente e ata que se esgote o crédito dispoñible. De acordo co artigo 31.4 LSG, cando se produza o esgotamento do crédito orzamentario, o órgano concedente acordará a inadmisión de posteriores solicitudes, debendo publicarse o dito acordo nos mesmo medios que a convocatoria.

### INSTRUCION

Levarase a cabo polos/as traballadores/as sociais do concello, que procederan á comprobación dos datos proporcionados e ao requirimento das emendas que procedan para completar o expediente, de ser o caso. Unha vez completo o expediente, emitirán informe social onde constará a correspondente valoración profesional e no que se porá de manifesto se a persoa interesada cumpre os requisitos para acceder a estas axudas. Posteriormente, efectuará unha proposta de resolución debidamente motivada.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración das solicitudes son os previstos na base reguladora 7.3:

**1) Valoración económica:** Procederá ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo do solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar.

Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 6 meses.

Para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa (en base ó IPREM publicado cada ano):

CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 85 % do IPREM
2	Ate o 110 % do IPREM
3	Ate o 130 % do IPREM
4	Ate o 150 % do IPREM
5 ou máis	Ate o 170 % do IPREM

Tamén se terá en conta o pago de alugamentos ou hipoteca relativos unicamente á vivenda habitual, de xeito que se descontará do computo dos ingresos familiares ata un máximo de 300€ mensuais. Achegarse documentación acreditativa.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social.

### 2) Valoración social:

O órgano instrutor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión, coa finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación, podendo solicitar, a tal efecto, tanta información considere precisa. Unha vez efectuada a valoración, o/a traballador/a social emitirá o oportuno informe social e a proposta de resolución debidamente motivada.

### CONTÍA DAS AXUDAS

**Axudas para a alimentación básica e a hixiene persoal e doméstica:**

	Contía mensual
1 persoa	100€
2 persoas	150 €
3 persoas	200 €
4 persoas	250 €
5 ou máis persoas	300 €

**Axudas para vestuario básico:**

Máximo de 200 € /ano por unidade de convivencia.

**Axuda para a atención de gastos derivados da vivenda habitual:**

- **Luz eléctrica:** O consumo pode ser subvencionado ata un máximo de 300 €/ano por unidade de convivencia (a excepción dos expedientes acollidos ó Convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social, xa que neste caso, o Concello asumirá o contía total da débeda da persoa solicitante). Tamén se cubrirá o enganche a luz por corte por non pagamento, neste caso pagarase a contía que esixa a compañía subministradora.

- **Gas:** Ata un máximo de 180 € ano por unidade de convivencia.

- **Aluguer da vivenda habitual:** pódese conceder ata tres mensualidades de aluguer, ata un máximo de 1.050 € anuais (350 €/mes) por unidade de convivencia.

- **Axudas para equipamento básico da vivenda habitual, reparacións menores e limpeza e desinfeccións:** unha soa axuda ó ano, cunha contía máxima de 3.000 € por unidade de convivencia.

	1º mes	2º mes	3º mes	Contía total
Luz eléctrica	100€	100€	100€	300 €
Gas	60€	60€	60€	180 €
Aluguer	350€	350€	350€	1.050 €

**Axudas para gastos de aloxamento nun lugar alternativo temporal:**

A duración máxima do aloxamento virá determinada pola valoración da necesidade realizada pola/a traballador/a social de referencia e pola dispoñibilidade orzamentaria determinada en cada convocatoria.

**Axudas para gastos farmacéuticos e de saúde:**

- **Gastos farmacéuticos:** Máximo 200 € anuais por unidade de convivencia.

- **Tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras:** Máximo de 2.000 € anuais por unidade de convivencia.

**Axudas para gastos de desprazamento:**

Poderase abonar unha axuda dun total de 300 € anuais ou distribuída en tres mensualidades de 100 €.

	1º mes	2º mes	3º mes	Contía total
Gastos desprazamento	100 €	100 €	100 €	300 €

**Axudas escolares:**

- **Escola infantil:** Máximo 200 € (pago único).

- **Material escolar e libros de texto:** Máximo 200 € (pago único).

- **Actividades extraescolares:** Máximo 400 € anuais.

**Outras axudas:**

Máximo dun pago anual de 1.000 € por unidade de convivencia.

**RESOLUCIÓN**

Logo da fiscalización de intervención, a solicitude coa documentación e co correspondente informe social e propostas de resolución, será elevada á Alcaldía ou órgano no que delegue, para que a súa resolución, na que polo menos quedará reflectido: datos identificativos do expediente, motivación da concesión ou denegación e no primeiro suposto, ademais indicarse: contía e fin da axuda, se é dineraria ou en especie, aplicación orzamentaria, forma de pagamento e prazo e forma de xustificación, de ser o caso. O prazo para ditar resolución será de 5 días desde a proposta de resolución. A resolución deberá ser notificada á persoa beneficiaria nos prazos establecidos legalmente, xunto co réxime de recursos correspondente.

O procedemento, dende o seu inicio ata a súa resolución, non debe superar o período de 45 días naturais, excepto nos casos en que houbese un requirimento de emenda de documentación, en tal caso o prazo non poderá exceder dos dous (2) meses.”

En Porto do Son, 28 de xaneiro de 2022.

O ALCALDE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

2022/449